

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se adxudican bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, convocadas mediante a Orde do 23 de outubro de 2020 (código de procedemento PL500E).

A Orde do 23 de outubro de 2020 (DOG núm. 221, do 2 de novembro), establece as bases e anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade, de 8 bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nos centros de estudos galegos localizados noutras tantas universidades de fóra de Galicia.

Logo de ver a proposta de resolución definitiva de adxudicación das ditas bolsas de formación e a certificación, remitidas ambas as dúas pola subdirectora xeral de Política Lingüística en cumprimento do establecido no artigo 16.2 da antedita orde, acompañadas da acta da comisión de valoración constituída ao abeiro do artigo 15.5 da referida orde e da resolución definitiva de admitidos e excluídos, este secretario xeral, en uso das facultades que lle son expresamente delegadas en virtude da disposición adicional única da Orde do 23 de outubro de 2020,

DISPÓN:**Artigo 1**

Adxudicar as bolsa de formación nos lectorado de lingua, literatura e cultura galegas dos centros de estudos galegos localizados nas universidades que se especifican, coas condicións establecidas na orde da convocatoria e polo período que se indica, ás persoas relacionadas no anexo.

Artigo 2

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2021

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística

ANEXO Adxudicación das bolsas de formación

Destino	Apelidos e nome	NIF	Período
Universidade de Barcelona (España)	Blanco Casás, Antón	***8219**	Desde o 1.2.2021 ata o 30.9.2023
Universidade de Estremadura (España)	Ferreira Rodríguez, Vanesa	***3715**	Desde o 1.2.2021 ata o 30.9.2023
Universidade de Granada (España)	Fraga Durán, M ^a Irene	***1577**	Desde o 1.2.2021 ata o 30.9.2023
Universidade Nova de Lisboa (Portugal)	García Rodríguez, Antón	***6674**	Desde o 1.2.2021 ata o a 30.9.2023
Universidade de São Paulo (Brasil)	Domínguez Silva, Hugo	***1727**	Desde o 1.2.2021 ata o 31.12.2023

CVE-DOG: 7sqf4ea8-qa09-4c52-taf5-zsgzeftia2j6

